

Actividades itinerario lector 2ºA curso 22/23. “Ellas también cuentan”



Contextualización

As seguintes actividades están referidas ao programa do Itinerario lector levado a cabo no CEIP Agro do Muíño (Ames) no curso 22/23. A aula na que se levaron a cabo é unha aula de 2º de primaria con 18 alumnos e alumnas. Todo o alumnado conta cun nivel de adquisición da lectoescritura axeitado á súa idade, polo que puideron seguir a lectura sen demasiadas dificultades, e as actividades levadas a cabo tanto durante a lectura do libro coma posteriormente axudaron á súa comprensión.

Libro sobre o que se traballou

O libro traballado é “Ellas también cuentan”, de Ana Alonso, onde o fío conductor do relato era o coñecemento sobre mulleres científicas ao longo da historia. Aproveitaronse as datas cercanas ao 8 de marzo para traballar transversalmente tamén temas de igualdade.

Actividades durante a lectura



Realizouse unha lectura conxunta, en voz alta, da que participou alternativamente todo o alumnado. Cando nomeaban unha das científicas, o mestre ampliaba a información sobre a súa vida e o seu traballo, contextualizando o que delas se contaba no libro e falando tamén doutras mulleres científicas que non aparecían na historia (Hildegarda de Bingen, Jocelyn Bell, Ángeles Alvariño, Irene Joliot-Curie...).

Ademais, o mestre realizaba preguntas sobre o fragmento lido, para cerciorarse de que todo o alumnado acadaba unha comprensión total do texto.



Actividades posteriores á lectura

Aproveitouse o feito de que os libros contaban cunha proposta didáctica de actividades para que o mestre seleccionase varias para realizalas na aula. Como tarefa final, fixéronse grupos de traballo entre o alumnado e cada grupo realizou un mural informativo sobre unha das científicas da súa elección.

